

## *Volvo do mar derradeiro*

Luís COCHÓN

*No recordo de Herminio Barreiro*



Herminio Barreiro (no centro) en 1990, entre X. L. Méndez Ferrín (esquerda) e Luís Cochón. Estes presentaban un libro seu sobre o pedagogo e institucionalista Lorenzo Luzuriaga (Valdepeñas, 1889/ Desterro de Bos Aires, 1959)

I

Os dous sabíamos que ía ser a última. Quedámonos coa palabra na boca para non ter que dicir máis.

Calados. Se cadra a revivir como nun lóstrego, historia de tantos anos.

Leveille uns petisús de nata como os que compramos na rúa do Pez, á dereita, segundo se viña de San Bernardo, hai 50 anos, coas pobres pesetas que tiñamos para rematar outro mes de fame e de domingo. Pero non eran os mesmos.

Deporparte volvemos, agora, a compartir o medo, e os seus agoiros que por entón tanto nos unían cara á vida. *Hostis – hostis*: ‘el enemigo’ (diciámolo sempre en castelán contra toda caste de policías, porque tamén o latín se dicía en español).

Aínda que o medo, deste día, era un medo outro: o de non ter nada que dicirnos: *huidos*, cara á morte, ese silencio.

Estabas escribindo o final, o espolio último, a modo de epitafio para clausurar de vez o *Recordar doe*, onde nos foi empoleirando a tantos amigos que tivo, que hoxe dóense de desolación, mentres ti entoas o *Camiño de volta fago*.

*Pousei eu eiquí á ida  
por levar a rota solta  
párome tamén á volta  
pra facer a despedida*

O noso Novoneyra andou tamén tecendo o seu propio desastre derradeiro, en versos como estes, variantes inéditas, que no seu nome -alá vai el- e no de tódolos seus, que somos nós, ofrendamos ao amigo que acaba de irse, por levar a rota solta.

## II

### **Camiño de volta fago Fago camiño de volta**

*Laudatio mínima para Herminio Barreiro  
na campa de Sisán, tarde do 6 de Santos:  
caía auga a dioivos.*

Deixou por escrito nunha carta do ano 58, o da súa quinta: “Morrerei en novembro, senón en outubro” [“un día del que tengo ya el recuerdo”]. Así, exabrupto, sen vir a conto, porque non se trataba diso e ninguén lle preguntou: saíu de si, de propio intento. De seguro non recordaba o *dies mortis* cando falei con el no serán, no que, inadvertido, disfrazouse de novembro “para no infundir sospechas”.

—Atópome un pouco cansado, díxome: a saúde que se vai, o país outra vez na alianza de sempre do trono e do altar, entre tantas corruptelas. O curso de doutoramento que tiña que estar a dar...

—O país éche o que é, aquel que nós non fomos quen de cambiar. As clases... pero con todo, cada día ao entrar na clase sigo a sentir na gorxa aquel rasquizo de ansia e timidez como decote.

—A min pásame igualísimo, segue a dicir: como se fose novato de primeiras, sen tino para atinar co acorde preciso. Un tremor, unha melancolía tamén, polo paso dos anos. Que feitizo será ese que nos fai seguir máis aló de nós mesmos, contra toda outra convicción: *A educación é o único posible*. (Era amigo de formulacións apodícticas).

Como se pode dicir dunha persoa, dose tanta de candor, de emoción, de ensoñación, para volver de pronto á lucidez proverbial, ilustrada. Á dialéctica capaz de esculcar na noite cos ollos de curuxa de Palas Atenea.

Poucas veces teremos coñecido individuo dese tempero coa emoción e a lucidez cravadas en fragua propia.

A súa capacidade de asombro ante o común usitado, como quen volve dalgunha *rêverie*. A ningún dos meus amigos lles teño oído como a el, inmutable: “eu son un home feliz”.

A mirada perdida nalgún lugar á fronte, que só podemos ver, por veces, nos ollos dos soñadores. Desca caste era el. E é esa dimensión a que quero situar por riba das súas habelencias dialécticas.

A súa memoria careceu de acedume. Non foi ávido nin cobizoso, porque deses é o reino dos maqueiros todos.

Aquí será, con nós, pasteiro comunal, como é difícil ser, tan de si, insubornable, secreto: *Herminio Barreiro: Entrez!*

Post-scriptum: *Entrez!* é voz imperativa e suasoria, pronunciada polo Xefe do Estado francés –na altura, De Gaulle– ou persoa na que delegue (no caso que digo, André Malraux), ao entrar no Panteón, lembro, ao resistente Jean Moulin, torturado ata a morte. Con esta voz de mando, unha orde pois, quero situar a figura de Herminio no eido republicano que lle corresponde de seu. O último que entrou no Panteón de Francia, onde unha candeia fulgura eternamente, foi o propio Malraux que tanto temos amado daquela. Non hai ningún enigma –*Entrez!*– nesta ultimidade civil.